




www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio



Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio



www.usc.gal



Xeografía e Ordenación do Territorio

A Xeografía é unha ciencia centrada no estudo do territorio e da paisaxe. Para iso, desenvolve unha perspectiva integrada, ao mesmo tempo social, económica e ambiental. Esta permite entender a interacción entre o medio natural e as persoas, e a súa variación na superficie terrestre. Sitúase, así, entre as ciencias naturais e as ciencias sociais. O seu ámbito aplicado inclúe a ordenación do territorio e a xestión ambiental.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Xeografía e Historia
zhisdeca@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 anos

Número de prazas: 55

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos. A optatividade pode orientarse para a obtención de dúas mencións: Medio Físicoe e Territorio ou Sociedade e Territorio.

Con mención: O alumnado deberá cursar 5 materias (30 ECTS) dunha mención e completar os 36 ECTS optativos con materias de calquera das mencións ou coas Prácticas Académicas Externas.

Sin mención: O alumnado poderá non optar á mención no título e cursar 36 ECTS combinando materias optativas de calquera mención e as Prácticas Académicas Externas.

Mobilidade e prácticas

A Universidade de Santiago, e concretamente a Facultade de Xeografía e Historia, conta con acordos e convenios de intercambio con Universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (Erasmus, SICUE) e de convenios bilaterais. Igualmente posúe máis de cen convenios asinados para que o alumnado realice Prácticas Académicas Externas nas principais institucións, empresas e centros profesionais da nosa Comunidade.

